

## TODO VAI SAÍR BEN

Cinquenta e tres días levamos en corentena e moi probablemente aínda nos quedan bastantes máis, a pregunta para hoxe é: aprendemos algo desta pandemia? Somos algo máis sabias? Algo menos egoístas? Algo máis solidarias?

Que pensas? Nós apuntamos aquí media ducia de cousas nas que moitas melloramos, a idea é cada un de vós pensedes se tedes tamén outra media ducia de ideas, proxectos, actividades, exercicios, pensamentos, accións... nos que mellorastes.

1. Aprender a ir máis amodo, a gozar de cada avance, a mellorar a miña paciencia...
2. Afacerme a mercar sempre nas tendas do meu barrio, a botar de menos o mercado dos domingos do Campo da Leña...
3. Dedicar máis tempo a falar coas persoas coas que vivo, escoitar as súas historias. Rirme coas persoas maiores e sacar algunha ensinanza importante do que contan...
4. Durmir máis e mellor, recuperar algúns días a sesta, procrastinar algo...
5. Mellorar (algo, non moito, nos vos quero enganar) as miñas dotes de cociñeira....
6. Darlle máis importancia ao contacto físico, aos abrazos, á necesidade de querernos e coidarnos...

Neste artigo [Corenta conclusións positivas que podemos sacar da corentena](#) poden darche ideas para reflexionar sobre esas melloras nas que estás, aos poucos, progresando e reflexionando cara a dentro e mirando cara a fóra para ser algo mellor persoa, máis crítica, máis responsable, ao tempo que máis implicada na mellora da sociedade e do mundo en que vivimos. Semella utópico? Optimista demais? Busca, pensa e seguro que atopas media ducia (ou unha enteira) de cousas nas que tes unha mirada, ou xa unha acción concreta, máis boa.

Xa sabes se queres contarnos algo podes facelo aquí: [mxosebravo@edu.xunta.gal](mailto:mxosebravo@edu.xunta.gal)